

O PP de Cervo vota en contra da emenda socialista aos Orzamentos de 2015 e non aposta pola creación de emprego, a economía local e a emerxencia social

Aseguran que os datos se presentan alarmantes para o vindeiro ano pero “o non polo non, o nonpor ser unha proposta do PSOE segue a ser a actitude habitual deste equipo de goberno”

O GMS di que “a prioridade agora é a cita electoral, o único que lle preocupa ó PP é arremeter contra a Deputación Provincial a pesares de ser a única administración que non ten competencias en materia de emprego”

CERVO, 12 DE DECEMBRO DE 2014.- Os socialistas de Cervo lamentaron no pleno celebrado no Concello no día de onte que o Partido Popular ó completo votase en contra da emenda que presentaron ós orzamentos coa que “só se trataba de sumar. A única finalidade da nosa proposta era incrementar os esforzos municipais en emerxencia social para apoiar as familias que están atravesando unha difícil situación económica e activar o emprego e a economía do noso concello”.

Ademais dende o Grupo Municipal Socialista aseguran que “non souberon contrastar a súa decisión con ningún tipo de argumento sólido. O non polo non, o non por ser unha proposta do PSOE segue a ser a actitude habitual deste equipo de goberno. Incomprensible”.

Non entenden xa que a situación laboral do Concello está atravesando un dos seus peores momentos se pensamos sobre todo no ERE de Sargadelos, nos traballadores da antiga ECESA ou na preocupante situación de Alcoa, lembran que “con datos de novembro na man, temos un total de 280 desempregados, 158 mulleres e 122 homes. Seguimos crendo na enorme necesidade de incrementar a partida para crear o Plan de Emprego que tanto levamos demandado, mentres o PP segue mirando para outro lado”.

Vendo a situación, os datos preséntanse alarmantes para o vindeiro 2015, “pretendíamos que a partida para o fomento do emprego se incrementase nuns 200.000 euros para atender a demanda existente no concello e facer posible a creación real de postos de traballo. Hai moito do que prescindir e sería interesante que se revisasen e tratasen de reducir gastos excesivos como o que supón a xestión de residuos de SOGAMA ou o Consorcio de Augas e gastos prescindibles como a partida destinada a gastos diversos, publicidade e progapaganda á que lle adican máis de 165.000 euros”.

Enfrontamento entre administracións

O emprego e activación da economía parece que interesa pouco e “vemos como o Partido Popular xa ten entre cella e cella a vindeira cita electoral” aseguran os socialistas, “o PP vota en contra do Plan de Emprego para o noso concello, o PP vota en contra dun Plan de Emprego de 50 millóns de euros no Senado, a Xunta non actúa e por riba reduce nun 54% as políticas destinadas a este asunto, e o único que se lle ocorre ó Partido Popular de Cervo é arremeter contra a única administración que non ten competencias en materia de emprego como é a Deputación Provincial”.



NOTA DE PRENSA

Os membros do GMS subliñaron que “este enfrontamento visualizouse tamén na proposta de alcaldía na que solicitaban unha axuda económica para unha actuación pero non se facía a mesma solicitude á Xunta de Galicia, que é a que ten competencias para as axudas que piden. Non, a cuestión de fondo, coma sempre, era o enfrontamento coa administración lucense. Dende o Concello de Cervo envíanse solicitudes a Lugo pero non se esixe o mesmo a Santiago, cando a Xunta é a competente na materia”.

A pesares das competencias de cada quen non rexeitamos que se pidan axudas a diferentes administracións, de feito “presentamos unha emenda en positivo para pedir a este equipo de goberno que cando pida á Deputación Provincial lle pida o mesmo esforzo á Xunta de Galicia, a colaboración e o esforzo de dúas pode facer bastante máis que unha soa. Pero non. Ó PP parece interesarlle só a Deputación, o enfrontamento con ela e a súa prioridade non pasa polos veciños de Cervo senón polo seu rédito político e persoal”.

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

www.psoeprovinciadelugo.com

www.facebook.com/psoeprovinciallugo

www.twitter.com/PsoeLugo